

Arquivo municipal da Cañiza

Arquivo municipal

O Arquivo municipal é o depósito onde se conservan ordenadamente documentos, escrituras e expedientes pertencentes e relacionados co Concello coa finalidade de ser utilizados para a xestión administrativa, a información, a cultura e a investigación e para conservar a memoria histórica do noso municipio.

Todos os cidadáns e cidadás teñen dereito de acceso ao Arquivo municipal, mediante a solicitude da oportuna consulta. Este dereito só poderá ser denegado ou limitado cando afecte á seguridade ou defensa do Estado, á averiguación de delitos ou á intimidade das persoas. O acceso aos documentos do Arquivo é gratuito e libre, agás no caso dos documentos que teñan reservada a súa consulta aos titulares e aos cidadáns que teñan un interese lexítimo.

O fondo documental do arquivo abrangue dende o ano 1844 ata a actualidade. Neste fondo documental é destacable a conservación de abundante información do século XIX e XX e inclusive documentos anteriores á creación institucional do Concello, algúns de grande valor histórico como o expediente de creación do Concello de A Cañiza en 1.821, expedientes de eleccións de 1.820, sobre satisfaccións de contribucións no Partido de Sobroso de 1.792, ou algúns referentes a temas relacionados co exército.

A pesares da elevada porcentaxe desta documentación, a mesma presenta, nalgúns casos, un deficitario estado de conservación debido aos traslados que tivo que sufrir polas continuas remodelacións do edificio. Este deficitario estado dificulta o manexo da información, por este motivo unicamente poden acceder á mesma profesionais cualificados.

Neste fondo documental consérvanse case completas as Actas do Pleno dende 1844, algunhas de uso dificultoso e afectados pola humidade; da Xunta Municipal, a excepción do período 1870-1899; da Comisión Municipal Permanente e doutras Xuntas e Comisións en menor medida.

Reseñar a existencia de numerosa documentación relacionada coas quintas e asuntos militares, dende 1.832, e co funcionamento do cárcere do Partido dende 1.838. Os padróns e libros de rexistro de nacementos, matrimonios e falecementos alcanzan o ano 1841 e os censos electorais a 1880.

A maior parte do conxunto documental corresponde a contabilidade municipal e aos asuntos tributarios, abarcando dende 1.838 ata a actualidade, e a xestión urbanística e de control de edificacións que conserva documentación dende 1.860.

A documentación existente, a pesares das perdas producidas, é abundante resultando un total de **1.909 unidades de instalación** e **12.134 expedientes** entre libros de produción do Concello dende o ano 1.945 ata o 2.004 e legaxos ou documentos soltos.